



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

ASUNTO: MEMORIA DE NECESIDADE DO CONTRATO DE SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTOS, DIRECCIÓNS DE OBRA, E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE

1.- Necesidade da contratación:

O Concello de Frades non conta co persoal que reúna a cualificación e experiencia necesaria para levar a cabo para poder realizar os proxectos e dirixir as obras municipais. Neste caso aínda sería máis difícil contar con medios adecuados dado que se levan a cabo distintos proxectos que deben realizar persoas con titulacións diferentes (arquitectos, enxeñeiros de distintas especialidades ...).

As prestacións a realizar axustaranse aos condicionantes sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, no presente de prescricións técnicas e na oferta do adxudicatario, que debe cumprir en todo caso os pregos citados.

2.- Contido - Obxecto do contrato:

Os servizos a prestar comprenderán a asistencia de técnicos especializados en cada una de las materias concretas que integran o contrato cando sexa preciso para a prestación dos servizos de redacción de proxectos e direccións de obra de carácter municipal que requira o concello, incluíndo a coordinación de seguridade e saúde en fase de execución.

O contrato inclúe:

a) Expedientes de obras municipais:

1. Colaborar e orientar profesionalmente a viabilidade das obras municipais.
2. Confeccionar memorias valoradas e, de ser o caso, proxectos técnicos para a execución das obras municipais a requirimento do Concello.
3. Realizar a dirección técnica de obras municipais, incluíndo a coordinación de seguridade e saúde
4. Intervir nas actas de replanteo, desenvolvemento e recepción das obras municipais.
5. Informar as certificacións relativas a obras municipais

6. Medir e peritar os bens integrantes do patrimonio municipal, así como os particulares cando resulte preciso para a súa incorporación a un expediente municipal
 7. Informar os expedientes de adquisición dos terreos necesarios para a execución de obras.
 8. Valorar os bens que o Concello pretenda expropiar.
- b) Asesoramento en materia urbanística:
1. Informar os instrumentos de planeamento de iniciativa pública ou privada que tramite o Concello.
 2. Informar os expedientes de execución do planeamento.
 3. Informar por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou sector, polígono ou ámbito de planeamento no que estea incluído.
 4. Asesoramento e asistencia ao órgano competente nos expedientes de reposición da legalidade urbanística.
 5. Asesoramento e asistencia ao órgano competente nos expedientes sancionadores por infracción urbanística.
 6. Informar los expedientes de cumprimento do deber de conservación e ruína.
 7. Informar calquera outro expediente que en materia urbanística se tramite por lo Concello.
 8. Asesoramento e asistencia en xeral aos órganos competentes en materia urbanística.

3.- Duración:

2 años con posibilidade de unha prorroga de dúas anualidades.

4.- Xustificación do procedemento empregado:

A contratación da execución do proxecto verificarase de conformidade co artigo 156 da LCSP, mediante procedemento aberto.

5.- Valor estimado, orzamento de licitación e aplicacións orzamentarias:

O orzamento base de licitación calcúlase tendo en conta as distintas prestacións e os distintos custes das mesmas.

5.1 Asesoramento urbanístico, redacción de proxectos e demais actuacións

en expedientes de obras municipais agás as tarefas comprendidas na dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde:

Tendo en conta que segundo se desprende en anualidades anteriores (2021, 2022 e 2023) os gastos en execución de obras municipais partindo do Orzamento de Execución Material (PEM) ascenden a 470.864,64 euros anuais o gasto polo servizo xeral de asesoramento e redacción de proxectos desglósase do seguinte xeito tomándose como referencia as normas orientadoras do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a determinación dos honorarios profesionais (baremo), segundo a actualización aprobada pola Xunta xeral do 21 de decembro do 2006, axustados a data actual:

- Custes de persoal (2,5% do PEM): 11.771,61 euros.
- Gastos xerais (13%): 1.530,31 euros.
- Beneficio industrial (6%): 706,29 euros
- Total: 14.008,21 euros
- IVA (21%): 2.941,72 euros.
- Total: 16.949,93 euros.

Este importe será una cantidade fixa anual que se facturará segundo a oferta presentada polos licitadores por unha doceava parte do prezo ofertado.

5.2 Tarefas comprendidas na dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde:

Calcúlase a tanto alzado, tal e como esta previsto no artigo 309 da LCSP, partindo do Orzamento de Execución Material (470.864,64 euros) da obra prevista e procedendo, en base a prezos de mercado e de conformidade co estudo económico establecido para a Ordenanza fiscal reguladora de taxa por prestación de servizos de dirección de obra, pola coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación de obras do Concello de Frades (Publicación definitiva: 05/06/2024 BOP Nº: 108). Así a efectos de determinación do orzamento terase en conta un gasto máximo previsto para a dirección de obra dun 4% e dun 1% para a coordinación de seguridade e saúde:

- Custes de dirección de obra (4% do PEM): 18.834,58 euros de base imponible, ao que lle corresponden 3.955,26 euros de IVE, o que fai un total de 22.789,84 euros.
- Custes de coordinación de seguridade e saúde (1% do PEM): 4.708,64 euros de base imponible, ao que lle corresponden 988,81 euros de IVE, o que fai un total de 5.697,45 euros.

Este importe será una cantidad variable anual que se facturará segundo os traballos efectivamente prestados polo prezo ofertado polos licitadores respecto a rebaixa dos porcentaxes.

O Concello resérvase a executar o volume de obras que lle permita o seu orzamento e os recurso dispoñibles en cada anualidade, tratándose estes datos dunha estimación a efectos de cálculo do orzamento base de licitación. Neste caso a empresa non procederá á facturación dos traballos non executados, limitándose a facturar a porcentaxe ofertada polas obras e designacións realizadas. Esta situación será informada polo Concello e debidamente comunicada ao empresario.

5.3 Sentado ao anterior o orzamento base de licitación ascende a cantidade de 37.551,43€ máis 7.885,80€ correspondentes ao IVE, ascendendo a un total de 45.437,23€.

ANUALIDAD	BASE IMPONIBLE	IVA (21%)	TOTAL
2024 (3 MESES)	9.387,85	1.971,44	11.359,29
2025	37.551,43	7.885,80	45.437,23
2026	37.551,43	7.885,80	45.437,23
2027	37.551,43	7.885,80	45.437,23
2028 (9 MESES)	28.163,58	5.914,35	34.077,93

Valor estimado: 180.246,86 (20% modificado)

Partida orzamentaria: 151 22706

6.- Lugar de prestación:

Concello de Frades.

7.- División en lotes:

División en lotes: No. A tenor do artigo 99.3 apartado b) de la Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos del Sector Público. Xustifícase a non división en lotes xa que se prega un asesoramento integral e especializado na materia evitándose así posibles discordancias na prestación do servizo e asegurando a calidade do mesmo

8.- Responsable do Contrato:

Don Roberto Rey Martínez

9.- Órgano de contratación:

O órgano de contratación competente é a Xunta de Goberno Local.

10.- Criterios de solvencia e adxudicación:

Criterios de solvencia

a) Solvencia económica financeira

Para ser adxudataria do presente contrato de servizos, a acreditación da solvencia económica, financeira realizarase polos medios establecidos na LCSP tales como o volume anual de negocios e pola existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos.

b) Solvencia técnica o profesional

La solvencia se acreditará pola prestación de servizos similares ou titulacións.

Criterios de adxudicación

O contrato adxudicarase á proposición que oferte a mellor relación calidade-prezo na execución do contrato, avaliada mediante a aplicación dos seguintes criterios de adxudicación: memoria de traballo, prezo, criterio medioambiental de huella de carbono e certificados ISO.